a3m auditores

S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, SOCIEDADE UNIPERSONAL

Informe de auditoría, contas anuais e informe de xestión do exercicio 2014

c/industrial nº1 entpta. local 6 15005 a coruña t 881 924 480 a3m@a3mauditores.com www.a3mauditores.com
A3M Auditores & Consultores del Noroeste, S.L. CIF B70419510

XACOBEO galicia

S.A. DE XESTIÓN PLAN XACOBEO

CONTAS ANUAIS
E
INFORME DE XESTIÓN

DE ASÍS A COMPOSTELA
800
1214 · 2014

EXERCICIO 2014

XACOBEO galicia

BALANCE DE SITUACION

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014

EXERCICIO 2014

S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, SOCIEDADE UNIPERSOAL

BALANCES DE SITUACIÓN AO 31 DE DECEMBRO DE 2014 E 2013 (Notas I a IV)

(Miles de Euros)

ACTIVO	Notas da Memoria	Exercicio 2014	Exercicio 2013	PASIVO E PATRIMONIO NETO	Notas da Memoria	Exercicio 2014	Exercicio 2013
				FONDOS PROPIOS-		**1.376,17**	**1.383,87**
Inmobilizado intanxible-	Nota V	**257,25**	**436,30**	**Capital-**	Nota XII	**601,01**	**601,01**
Patentes, licencias, marcas e similares		251,45	420,93	Capital escriturado		601,01	601,01
Aplicacións informáticas		5,80	15,37	**Reservas-**		**733,46**	**719,66**
				Legal e estatutarias		120,20	120,20
Inmobilizado material-	Nota VI	**48.989,57**	**51.162,04**	Outras reservas		613,26	599,46
Terreos e construcións		43.251,47	44.715,94	**Resultado do exercicio**		**41,70**	**63,20**
Instalacións técnicas e outro inmobilizado material		4.253,28	4.892,25	*SUBVENCIÓNS, DOAZÓNS E LEGADOS-*			
Inmobilizado en curso e anticipos		1.484,82	1.553,85	Subvencións, doazóns e legados	Nota XIII	**34.264,56**	**35.689,16**
Investimentos financeiros a longo prazo-		**50,09**	**1.279,95**				
Outros activos financeiros	Nota IX	50,09	1.279,95	**Total patrimonio neto**		**35.640,73**	**37.073,03**
Activos por imposto diferido	Nota XVI	**31,69**	**42,00**				
				Provisións a longo prazo-	Nota XIV	**578,83**	**1.960,19**
				Outras provisións		578,83	1.960,19
Total activo non corrente		**49.328,60**	**52.920,29**				
				Pasivos por imposto diferido	Nota XVI	**13.325,10**	**13.799,87**
				Total pasivo non corrente		**13.903,93**	**15.760,06**
Debedores comerciais e outras contas a cobrar-	Nota VIII	**2.114,24**	**6.333,47**				
Clientes por vendas e prestacións de servizos		1.363,03	1.275,02	**Provisións a curto prazo**	Nota XIV	**113,17**	**120,00**
Debedores varios		43,45	19,04	**Débedas a curto prazo-**		**15,18**	**23,47**
Outros créditos coas Administracións Públicas	Nota XVI	707,76	5.039,41	Outros pasivos financeiros		15,18	23,47
				Acredores comerciais e outras contas a pagar-	Nota XV	**3.002,67**	**6.593,34**
Investimentos financeiros a curto prazo-	Nota IX	**11,00**	**11,22**				
Outros activos financeiros		11,00	11,22	Acredores varios		2.929,97	6.449,27
Periodificacións a curto prazo	Nota X	**26,71**	**30,50**	Persoal		-	0,86
Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	Nota XI	**1.195,13**	**274,42**	Outras débedas coas Administracións Públicas	Nota XVI	72,70	143,21
Tesorería		1.195,13	274,42				
Total activo corrente		**3.347,08**	**6.649,61**	**Total pasivo corrente**		**3.131,02**	**6.736,81**
TOTAL ACTIVO		**52.675,68**	**59.569,90**	**TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO**		**52.675,68**	**59.569,90**

As Notas I a XX descritas na Memoria adxunta forman parte integrante dos balances ao 31 de diciembre de 2014 e 2013

XACOBEO galicia

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014

EXERCICIO 2014

S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, SOCIEDADE UNIPERSOAL

CONTAS DE PERDAS E GANANCIAS DOS EXERCICIOS ANUAIS TERMINADOS O 31 DE DECEMBRO DE 2014 E 2013 (Notas I a IV)

(Miles de Euros)

	Notas da Memoria	Exercicio 2014	Exercicio 2013
Importe neto da cifra de negocios-	Nota XIX	**1.850,33**	**1.901,96**
Prestación de servizos		1.850,33	1.901,96
Outros ingresos de explotación-	Nota XIX	**2.864,47**	**7.837,90**
Ingresos accesorios e outros de xestión corrente		225,71	224,53
Subvencións de explotación incorporadas ao resultado do exercicio	Nota XIII	2.638,76	7.613,37
Gastos de persoal-	Nota XIX	**(742,70)**	**(2.156,86)**
Soldos, salarios e asimilados		(498,66)	(1.601,78)
Cargas sociais		(244,04)	(555,08)
Outros gastos de explotación-	Nota XIX	**(4.099,11)**	**(7.652,24)**
Servizos exteriores		(3.717,33)	(7.338,94)
Tributos		(85,51)	(294,62)
Perdas, deterioro e variación das provisións por operacións comerciais	Nota VIII	(296,27)	(18,68)
Amortización do inmobilizado	Notas V e VI	**(1.899,37)**	**(2.148,63)**
Imputación de subvencións de inmobilizado non financeiro e outras	Nota XIII	**1.899,37**	**2.822,94**
Excesos de Provisións	Nota XIV	**-**	**27,91**
Deterioro e resultados por enaxenación de inmobilizado	Nota VI	**-375,00**	**-**
Outros resultados	Nota XIX	**531,84**	**-618,31**
RESULTADO DA EXPLOTACIÓN		**29,83**	**14,67**
Ingresos financeiros		**22,18**	**6,53**
De valores negociables e outros instrumentos financeiros			
- En terceiros		22,18	6,53
RESULTADO FINANCEIRO		**22,18**	**6,53**
RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS		**52,01**	**21,20**
Imposto sobre beneficios	Nota XVI	(2,39)	42,00
Ajustes negativos en la imposicion indirecta		(7,92)	
RESULTADO DO EXERCICIO	Nota III	**41,70**	**63,20**

As Notas 1 a XX descritas na Memoria adxunta forman parte integrante das contas de perdas e ganancias correspondentes aos exercicios anuais terminados o 31 de decembre de 2014 e 2013

XACOBEO galicia

ESTADO DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO

DE ASÍS A COMPOSTELA · 800 · 1214 · 2014

EXERCICIO 2014

S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, SOCIEDADE UNIPERSOAL

ESTADOS DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO DOS EXERCICIOS ANUAIS TERMINADOS O 31 DE DECEMBRO DE 2014 E 2013 (Notas I a IV)

A) ESTADOS DE INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS

(Miles de Euros)

	Notas da Memoria	Exercicio 2014	Exercicio 2013
RESULTADO DA CONTA DE PERDAS E GANANCIAS (I)		**41,70**	**63,20**
Ingresos e gastos imputados directamente ó patrimonio neto-			
- Subvencións, doazóns e legados	Nota XIII	,00	1.234,40
- Efecto impositivo	Nota XIII	(95,05)	(370,32)
TOTAL INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (II)		**(95,05)**	**864,08**
Tranferencias a conta de perdas e ganancias-			
- Subvencións, doazóns e legados	Nota XIII	(1.899,37)	(2.822,94)
- Efecto impositivo	Nota XIII	569,81	846,89
TOTAL TRANSFERENCIAS Á CONTA DE PERDAS E GANANCIAS (III)		**(1.329,56)**	**(1.976,05)**
TOTAL INGRESOS E GASTOS RECONECIDOS (I+II+III)		**(1.382,91)**	**(1.048,77)**

B) ESTADOS TOTAIS DE CAMBIOS NO PATRIMONIO NETO

(Miles de Euros)

	Capital	Reservas	Resultado do exercicio	Subvención doazóns e legados	TOTAL
SALDO AXUSTADO AO INICIO DO EXERCICIO 2012	**601,01**	**-1.869,24**	**2.588,91**	**36.801,13**	**38.121,81**
Total ingresos e gastos recoñecidos	-	-	63,20	-1.111,97	-1.048,77
Distribución do beneficio do exercicio 2012	-	2.588,91	-2.588,91	-	-
SALDO AO PECHE DO EXERCICIO 2013	**601,01**	**719,67**	**63,20**	**35.689,16**	**37.073,04**
Total ingresos e gastos recoñecidos	-		41,70	-1.424,60	-1.382,90
Distribución do beneficio do exercicio 2013	-	13,79	-13,79		-
Distribución de dividendos			-49,41		-49,41
SALDO AO PECHE DO EXERCICIO 2014	**601,01**	**733,46**	**41,70**	**34.264,56**	**35.640,73**

As Notas I a XX descritas na Memoria adxunta forman parte integrante do estado de cambios no patrimonio neto dos exercicios anuais terminados o 31 de decembro de 2013 e 2012

XACOBEO galicia

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014

EXERCICIO 2014

S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, SOCIEDADE UNIPERSOAL

ESTADOS DE FLUXOS DE EFECTIVO DOS EXERCICIOS ANUAIS TERMINADOS O 31 DE DECEMBRO DE 2014 E 2013 (Notas I a IV)

(Miles de Euros)

	Notas da Memoria	Exercicio 2014	Exercicio 2013
FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN (I)		**(5.414,72)**	**(9.364,65)**
Resultado do exercicio antes de impostos		52,00	21,20
Axustes ao resultado-			
- Amortización do inmobilizado	Notas V e VI	1.899,38	2.148,63
- Correccións valorativas por deterioro	Nota VIII	296,27	-19,04
- Variación de provisións	Nota VIII	(158,33)	492,72
- Imputación de subvencións	Nota XIII	(1.899,37)	(2.822,94)
- Resultados por baixas e alleamento de inmobilizado		375,00	-
- Ingresos financeiros		(22,18)	(6,29)
- Outros ingresos e gastos		-	1,97
Cambios no capital corrente-			
- Debedores e outras contas a cobrar		(3.023,04)	(8.192,48)
- Outros activos correntes		598,24	0,00
- Acredores e outras contas a pagar		(3.533,82)	(987,71)
-Outros pasivos correntes		(71,36)	-
Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación-			
- Cobros de xuros		22,39	6,53
- Cobros (pagamentos) por imposto sobre beneficios		50,10	(7,24)
FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO (II)		**67,25**	**(715,32)**
Pagamentos por investimentos-			
- Inmobilizado intanxible		-	(83,29)
- Inmobilizado material		(0,48)	(632,03)
Cobros por desinvestimentos			
-Inmobilizado material		67,73	-
FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO (III)		**6.268,18**	**6.294,00**
Cobros e pagamentos por instrumentos de patrimonio-			
- Subvencións, doazóns e legados recibidos		6.325,86	6.294,00
Pagos por remuneración instrumentos de patrimono			
-Dividendos		(49,40)	-
Cobros e pagos por instrumentos de pasivos financeiros			
-Outras débedas		(8,28)	-
AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (I+II+III)		**920,71**	**(3.785,97)**
Efectivo ou equivalentes ao comezo do exercicio		274,42	4.060,39
Efectivo ou equivalentes ao peche do exercicio		1.195,13	274,42

As Notas I a XX descritas na Memoria adxunta forman parte integrante do estado de fluxos de efectivo dos exercicios anuais terminados o 31 de decembro de 2014 e 2013

XACOBEO galicia

MEMORIA

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014 ·

EXERCICIO 2014

XACOBEO galicia

I-CONSTITUCIÓN, ACTIVIDADE E RÉXIME LEGAL DA SOCIEDADE

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Sociedade Unipersoal constituíuse o 13 de novembro de 1991, e completou os requisitos necesarios para a súa válida constitución, o 10 de decembro dese mesmo ano, data da súa inscrición no Rexistro Mercantil. O seu domicilio social está establecido no Pavillón de Galicia, San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela.

Co data 30 de decembro de 2013, e como parte da reorganización do esquema institucional da área de turismo da Xunta de Galicia, modificouse o obxecto da Sociedade, de xeito que a data de formulación das presentes Contas Anuais constitúe o obxecto da Sociedade:

1.- A realización de actividades dirixidas a xestión dos servizos comúns da rede de albergues da Comunidade Autónoma de Galicia e do resto do seu patrimonio social, así como a coordinación de actuacións específicas relacionadas co Camiño de Santiago e a cultura xacobea.
2.- En concreto, constitúe o obxecto da Sociedade a realización das seguintes actividades:
A xestión dos ingresos e gastos derivados do funcionamento da rede pública de albergues e do resto de edificios da entidade.
A coordinación das actuacións en materia de dotacións de albergues, de conservación, sinalización e recuperación do Camiño, así como a execución das encomendas de xestión que se poidan realizar nestas materias.
As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago.
A coordinación de actuacións específicas relacionadas coa cultura xacobea, en especial, as exposicións, así como a execución das encomendas de xestión que se poidan realizar nestas materias".

Para o cumprimento do referido obxecto, a Sociedade comezou as súas

DE ASÍS A COMPOSTELA 1214 - 2014 800

operacións o día da súa constitución, dividindo a súa actividade en exercicios sociais que coinciden cos anos naturais.

A Sociedade está encadrada dentro da Lei 16/2010, do 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia de demais lexislación concordante.

Dada a actividade á que se dedica a Sociedade, non ten responsabilidades, gastos, activos nin provisións e continxencias de natureza medioambiental que puideran ser significativos en relación co patrimonio, a situación financeira e os resultados da mesma. Por iso, na presente memoria, non se inclúen análises específicas das contas anuais respecto á información de cuestións ambientais.

II-BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

1-. IMAXE FIEL

Estas contas anuais tense formulado a partir dos rexistros contables da Sociedade de acordo coa lexislación mercantil vixente e coas normas establecidas no Real Decreto 1514/2007 polo que se aproba o Plano Xeral de Contabilidade, e de acordo coa Orde EHA/733/2010 do 25 de marzo pola que se aproban aspectos contables de empresas públicas, de xeito que amosan a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados das súas operacións, dos cambios no patrimonio neto e dos seus fluxos de efectivo.

Os Administradores da Sociedade estiman que as contas anuais do exercicio 2014, que se teñen formuladas o 31 de Marzo de 2015, van ser aprobadas polo Accionista Único sen modificación algunha. Pola súa banda, as contas anuais do exercicio rematado o 31 de decembro de 2013 foron aprobadas o 20 de Xuño de 2014 polo Accionista Único.

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 · 2014

2.-Principios Contables Non Obrigatorios Aplicados

Para a elaboración destas contas anuais non se aplicaron principios contables non obrigatorios. Adicionalmente, os Administradores da Sociedade formularon estas Contas Anuais tendo en conta a totalidade dos principios e normas contables de aplicación obrigatoria que teñen efectos significativo nas contas anuais.

3.-Responsabilidade da información e estimacións realizadas.

A información incluída nestas contas anuais é responsabilidade dos Administradores da Sociedade.

Na elaboración destas contas anuais utilizáronse, ocasionalmente, estimacións para cuantificar algúns dos activos, pasivos, ingresos, gastos e compromisos rexistrados nelas. Basicamente, estas estimacións refirense a evaluación de posibles perdas por deterioro de determinados activos (Notas IV, V, VI e VIII).

A pesar de que estas estimacións realizáronse en función da mellor información dispoñible ó 31 de decembro de 2013 e 2014, poidera ser que acontecementos que podan ter lugar no futuro obriguen a modificalas (á alza ou á baixa) en vindeiros exercicios, o que se faría, no seu caso, de forma prospectiva, recoñecendo os efectos do cambio da estimación nas contas de perdas e ganancias dos exercicios afectados.

4.-Principio da empresa en funcionamento

As Contas Anuais, así como os detalles e explicacións inherentes contidos na presente Memoria, preséntanse sobre a base da continuidade ilimitada na xestión e non a efectos de calcular o valor liquidativo ou de alleamento do patrimonio da Sociedade.

5.- Agrupación de partidas

A efectos de presentación no balance de situación adxunto, agrupáronse baixo o epígrafe e "Acredores Comerciais e outras Contas a

Pagar-Acredores Varios" as seguintes partidas:

	(Miles de euros)
-PROVEDORES DE INMOBILIZADO	128.97.-
-PROVEDORES DE BENS E SERVIZOS CORRENTES	2.873.70.-
TOTAL:	3.002,67.-

6.- COMPARACIÓN DA INFORMACIÓN

A información relativa ó exercicio 2013 que se inclúe nesta Memoria se presenta unicamente ós efectos comparativos coa información do exercicio 2014.

7.- CAMBIOS EN CRITERIOS CONTABLES

Durante o exercicio 2014 non se teñen producido cambios nos criterios contables con respecto ós aplicados no exercicio 2013 agás que a Sociedade reduciu a referencia temporal para cubrir o eventual deterioro de créditos comerciais de un ano a nove meses de antiguidade, non tendo efecto sobre as cifras comparativas (ver nota VIII).

8.- CORRECCIÓN DE ERROS

As contas anuais do exercicio 2014 non incluen axustes realizados como consecuencia de erros detectados no exercicio.

III-DISTRIBUCIÓN DE RESULTADOS

A distribución dos beneficios da Sociedade do exercicio rematado o 31 de decembro de 2013, aprobada polo Accionista Único o 20 de Xuño de 2014 (modificando a proposta do Consello de Administración que era destinar a totalidade do resultado a Reservas Voluntarias) recollese no seguinte cadro:

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 · 2014

	Ml Euros
Bases de reparto	
Beneficios do exercicio	**63,20**
Distribución	
Dividendos	49.40
Reservas Voluntarias	13,80
	63.20

Pola súa banda, a distribución do resultado de 2014 da Sociedade que se propón o Accionista Único é:

	Ml Euros
Bases de reparto	
Beneficios do exercicio	41.70.-
Distribución	
Reservas Voluntarias	41.70.-

Ó 31 de decembro de 2014 e 2013, as reservas non distribuibles correspóndense coa Reserva legal por importe de 120,20 Ml de euros.

Os beneficios imputados directamente ó patrimonio neto non poden ser obxecto de distribución, nin directa nin indirectamente.

IV-NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

As principais normas de rexistro e valoración utilizadas pola Sociedade na elaboración das súas contas anuais, de acordo coas establecidas no Plano Xeral de Contabilidade, foron:

(1) INMOBILIZADO INTANXIBLE

Como norma xeral, os activos incluídos no inmobilizado intanxible se valoran polo seu prezo de adquisición ou seu custo de produción. Posteriormente, se valoran ó seu custo minorado pola correspondente amortización acumulada e, no seu caso, polas perdas por deterioro experimentadas. Estes activos se amortizan en función da súa vida útil.

(1.1) Patentes, licencias, marcas y similares

Contabilízanse pola totalidade dos custos derivados da adquisición en firme dos dereitos correspondentes, incluíndo a súa inscrición no rexistro competente.

(1.2) Aplicacións informáticas

Preséntanse valoradas polo seu custo de adquisición ao provedor correspondente, ou ben polos custos de produción cando os elementos contabilizados son desenvolvidos pola propia Sociedade. Os gastos de mantemento das aplicacións informáticas considéranse gastos no tempo no que se incorre neles.

(1.3) Custos posteriores

Os custos posteriores nos que se incorra no inmobilizado intanxible se rexistran como gasto, agás que aumenten os beneficios económicos futuros esperados dos activos.

(1.4) Vida útil e Amortizacións

A Sociedade valúa para cada inmobilizado intanxible adquirido se a vida útil é definida ou indefinida.

A Sociedade amortiza o inmobilizado intanxible con vida útil finita seguindo o método liñal, aplicando porcentaxes de amortización anual calculadas en función dos anos de vida útil estimada dos respectivos bens, segundo o seguinte detalle:

	Porcentaxe de amortización
Patentes e licencias	20
Aplicacións informáticas	25

A Sociedade revisa o valor residual, a vida útil e o método de amortización dos inmobilizados intanxibles no peche de cada exercicio ou sempre que existan indicios de perdas de valor. As modificacións nos criterios inicialmente establecidos se recoñecen, no seu caso, como un cambio de estimación.

Do mesmo xeito rexistra o correspondente deterioro cando o valor recuperable sexa inferior ó seu valor neto contable en libros, sempre que este non se poda recuperar mediante a xeración de ingresos suficientes para cubrir todos os custos e gastos que se producen coa súa utilización. O importe recuperable determínase como o maior importe entre o valor razoable menos os custos de venda e o valor en uso.

(2)INMOBILIZADO MATERIAL

(2.1) Recoñecemento inicial

Os activos incluídos no inmobilizado material valóranse inicialmente polo seu prezo de adquisición ou custo de produción e posteriormente, preséntanse minorados polo importe das amortizacións e correccións valorativas por deterioro que, no seu caso, se teñan acumuladas.

No caso de terreos destinados a albergues obtidos por concesión estes rexístranse polo seu valor venal incrementado cos gastos do proxecto, estudio e os necesarios para a súa eficacia "erga omnes. Nestes casos nos que os activos adquírense a título gratuito, a contrapartida do valor venal atribuído ó inmovilizado recóllese dentro de patrimonio neto no epígrafe "Subvencións, doazóns e legados recibidos".

(2.2) Amortizacións

A amortización dos elementos de inmobilizado material se realiza distribuíndo o seu importe amortizable de xeito sistemático o longo da súa vida útil. Se entende por importe amortizable o custo de adquisición menos o seu valor residual. A Sociedade determina o gasto de amortización de xeito independente para cada compoñente que teña un custo significativo en relación o custo total do elemento e unha vida útil distinta do resto do elemento.

A Sociedade amortiza o inmobilizado material seguindo o método liñal,

aplicando porcentaxes de amortización anual calculados en función dos anos da vida útil estimada dos respectivos bens, segundo o seguinte detalle:

	Porcentaxe de amortización
Construccións	2
Instalacións	8 a 12
Maquinaria	7 a 12
Mobiliario	10
Equipos informáticos	25
Elementos de transporte	13-16
Outro inmobilizado	10 a 25

No caso das construccións cedidas pola Administración Pública a política de Sociedade é amortizalas de xeito lineal no prázo de 50 anos (vida útil das construccións enclavadas nelas), ou no prazo de vixencia da concesión, se fose menor.

Non se segue a práctica de dotar un fondo de reversión, posto que as concesións rexistradas estímanse por período indefinido. Polo tanto non está prevista a reversión dos activos e, no seu caso, entregaríanse nas condicións nas que estivesen, sen incorrer en gastos adicionais por motivos de reversión.

A Sociedade revisa o valor residual, a vida útil e o método de amortización do inmobilizado material ao peche de cada exercicio ou sempre que existan indicios de perda de valor. As modificacións nos criterios inicialmente establecidos se recoñecen como un cambio de estimación.

Do mesmo xeito rexistra o correspondente deterioro cando o valor recuperable sexa inferior ó seu valor neto contable en libros, sempre que éste non se poda recuperar mediante a xeración de ingresos suficientes para cubrir todos os custos e gastos que se producen coa súa utilización. O importe recuperable determínase como o maior importe entre o valor razoable menos os custos de venda e o valor en uso.

(2.3) Custos posteriores

Con posterioridade o recoñecemento inicial do activo, só se capitalizan aqueles custos que supoñan un aumento da súa capacidade, productividade ou alargamento da vida útil, téndose que dar de baixa o valor contable dos elementos substituidos. Deste xeito, os custos de

mantemento do inmobilizado material se rexistran nos resultados na medida que vaise incorrindo neles.

(3) INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

O epígrafe investimentos inmobiliarios do balance de situación recolleria, cando exista, exclusivamente os valores de terreos, edificios e outras construccións que se manteñen ben, para explotalos en réxime de aluguer, ben para obter unha plusvalía na súa venta como consecuencia dos incrementos que se produzan no futuro nos seus respectivos prezos de mercado, salvo no caso en que o aluguer é expresión do cumprimento do obxecto social.

Estos activos valóranse de acordo cos criterios indicados na Nota IV.2, relativa al inmobilizado material.

(4)ARRENDAMENTOS

Os arrendamentos nos que o contrato transfire a Sociedade todos os riscos e beneficios inherentes a propiedade dos activos se clasifican como "arrendamentos financeiros" e noutro caso se clasifican como "arrendamentos operativos".

A Sociedade evalúa o fondo económico dos contratos co obxecto de determinar a existencia de arrendamentos implícitos. O 31 de decembro de 2014 e 2013 a Sociedade non ten formalizado ningún contrato de arrendamento financeiro.

As cotas derivadas dos arrendamentos operativos, netas dos incentivos recibidos, se recoñecen como gasto de xeito liñal durante o prazo de arrendamento, agás que sexa mais representativa outra base sistemática de reparto o recoller mellor o patrón temporal dos beneficios do arrendamento.

(5)INSTRUMENTOS FINANCEIROS

Un "instrumento financeiro" é un contrato que dá lugar a un activo financeiro en unha entidade e, simultáneamente, a un pasivo financeiro ou instrumento de capital en outra entidade.

Un "instrumento de capital" é un negocio xurídico que evidencia unha participación residual nos activos financeiros da entidade que o emite,

unha vez deducidos todos os seus pasivos.

Un "derivado financeiro" é un instrumento financeiro o que seu valor cambia como resposta ós cambios en unha variable observable do mercado (tal como tipos de xuros, o precio dun instrumento financeiro ou un índice de mercado) e que a súa inversión inicial é moi reducida en relación a outros instrumentos financeiros con resposta similar ós cambios nas condicións de mercado e que se liquida, en unha data futura.

(5.1) Clasificación e separación de instrumentos financeiros

Os instrumentos financeiros se clasifican no momento do seu recoñecemento inicial como un activo financeiro, un pasivo financeiro ou un instrumento de patrimonio, de conformidade co fondo económico do acordo contractual e coas definicións de activo financeiro, pasivo financeiro ou de instrumento de patrimonio.

A Sociedade clasifica os instrumentos financeiros nas diferentes categorías atendendo as características e as intencións da Dirección no tempo do seu recoñecemento inicial.

As operacións de compra ou venda de activos financeiros instrumentadas mediante contratos convencionais, entendidos como aqueles nos que as obrigas recíprocas das partes deben consumarse dentro dun marco temporal establecido pola regulación ou polas convencións do mercado e que no poden liquidarse por diferencias, se recoñecen na data de contratación ou liquidación.

(5.2) Principios de compensación

Un activo financeiro e un pasivo financeiro son obxecto de compensación só cando a Sociedade ten o dereito esixible de compensar os importes recoñecidos e ten a intención de liquidar a cantidade neta ou de realizar o activo e cancelar o pasivo simultaneamente.

(5.3) Préstamos e partidas a cobrar

Os préstamos e partidas a cobrar se compoñen de créditos por operacións comerciais e créditos por operacións non comerciais con cobros fixos ou determinables que non cotizan nun mercado activo distintos de aqueles clasificados noutras categorías de activos financeiros. Estes activos se recoñecen inicialmente polo valor razoable da contraprestación entregada,

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 · 2014

incluíndo os custos de transacción incorridos, e se valoran posteriormente polo custo amortizado, e os xuros devengados no periodo calcúlanse utilizando o método do tipo de xuro efectivo.

Nembargantes, os activos financeiros que no teñan un tipo de xuro establecido, nos que o importe venza ou se espere recibir no curto prazo e o efecto de actualizar non sexa significativo se valoran polo seu valor nominal.

As correspondentes perdas de valor por deterioro se dotan en función do risco de posibles insolvencias con respecto o seu cobro, sobre o basamento dun estudio individualizado da recuperación dos saldos.

(5.4) Outros Activos Financeiros

As fianzas entregadas figuran no balance polo seu nominal dado que non é significativo o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo.

(5.5) Deterioro de valor de activos financeiros

Ó menos ó peche do exercicio, a Sociedad fai un "test de deterioro" para estes activos financeiros. Considérase que existe evidencia obxetiva de deterioro se o valor recuperable do activo financeiro é inferior ó valor en libros. Cuando se produce, o rexistro deste deterioro contabilízase na conta de perdas e ganancias.

Durante o exercicio a Sociedade reduciu a referencia temporal para cubrir o eventual deterioro de créditos comerciais de un ano a nove meses de antiguidade.

(5.6) Baixas de activos financeiros

A Sociedade da de baixa os activos financeiros cando expiran o se ceden os dereitos sobre os fluxos de efectivo do correspondente activo financeiro e se transfieren sustancialmente os riscos e beneficios inherentes a súa propiedad.

(5.7) Pasivos financeiros

Son pasivos financeiros aquelas débedas e partidas a pagar orixinadas na compra de bens e servicios por operacións de tráfico da Sociedade, ou tamén aquelas que, sen ter una orixe comercial, non poden ser consideradas como instrumentos financeiros derivados.

As débedas e partidas a pagar valóranse inicialmente ao valor razoable da contraprestación recibida, axustada polos costes da transacción directamente atribuibles. Con posterioridade, estes pasivos valóranse ó seu coste amortizado, calculado mediante a utilización do método do "tipo de xuro efectivo", indicado con anterioridade.

A Sociedad dá de baixa os pasivos financeiros cando se extinguen as obrigas que os xeneraron.

(6) EFECTIVO E OUTROS ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES

O efectivo e outros activos líquidos equivalentes inclúen o efectivo en caixa e os depósitos bancarios á vista en entidades de crédito. Tamén se inclúen baixo este concepto outros investimentos a curto prazo de gran liquidez sempre que sexan facilmente convertibles en importes determinados de efectivo e que teñan un risco insignificante de cambios de valor. Deste xeito se inclúen os investimentos con vencementos de menos de tres meses dende a data de adquisición.

(7) SUBVENCIÓNS, DOAZÓNS E LEGADOS

As subvencións, doazóns e legados non reintegrables se contabilizan dentro do patrimonio neto cando se obtén a concesión oficial das mesmas e se teñen cumprido as condicións para a súa concesión ou no existen dúbidas razoables sobre a recepción das mesmas.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario se valoran polo valor razoable do importe concedido e as de carácter non monetario polo valor razoable do activo recibido.

As subvencións, doazóns e legados se imputan os resultados atendendo a súa finalidade.

As subvencións de carácter reintegrable, mentras teñan o caracter de

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 · 2014

reintegrable, contabilízanse como pasivos financeiros.

As subvencións de capital se imputan o resultado do exercicio en proporción á amortización correspondente os activos financiados coas mesmas ou, no seu caso, cando se produza a enaxenación, baixa o corrección valorativa por deterioro dos mesmos.

No caso de activos non depreciables, a subvención se imputa a resultados do exercicio no que se produce la enaxenación, baixa ou corrección valorativa por deterioro dos mesmos.

As subvencións de explotación se imputan ós ingresos no exercicio que se devengan os gastos financiados. Do mesmo xeito, as doazóns privadas puras e simples se imputan os ingresos do exercicio en que se producen, asi como as subvencións destiñadas a financiar aplicacións que dende un punto de vista público se consideran investimento (por exemplo, as obras en elementos non propios) pero que dende a ortodoxia contable se teñen que considerar gasto do exercicio.

As subvencións outorgadas para asegurar unha rendibilidade mínima ou compensar o déficit de explotación do exercicio ou de exercicios previos non asociada a ningunha actividade ou área de actividade en concreto senón o conxunto das actividades que realiza a Sociedade, se recoñecen como ingresos no epígrafe "Outros ingresos de explotación" da conta de perdas e ganancias.

(8)PROVISIÓNS

Na formulación das contas anuais, os Administradores da Sociedade diferencian entre:

- Provisións: saldos acredores que cubren obrigas actuais derivadas de sucesos pasados, nos que a súa cancelación é probable que orixine unha saída de recursos, pero que resultan indeterminados en canto ó seu importe e/ou o momento de cancelación.

- Pasivos continxentes: obrigas posibles como consecuencia de sucesos pasados, nos que a súa materialización futura está condicionada a que aconteza, ou non, un ou máis eventos futuros independentes da vontade da Sociedade.

As contas anuais recollen todas as provisións significativas con respecto a

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 · 2014

que se estima que la probabilidades de que se teña que atender á obriga é maior có do contrario. Os pasivos continxentes non se recoñecen nas contas anuais, sino que se informa sobre os mesmos nas Notas da Memoria, na medida en que non sexan considerados como remotos.

Os importes recoñecidos no balance de situación corresponden á mellor estimación á data de peche dos desembolsos necesarios para cancelar a obriga presente, unha vez considerados os riscos e incertidumbres relacionados coa provisión e, cando resulte significativo, o efecto financeiro producido polo desconto, sempre que se poida determinar con fiabilidade os desembolsos que se van a efectuar en cada período. O tipo de desconto se determina antes de impostos, considerando o valor temporal do diñeiro, así como os riscos específicos que non teñen sido considerados nos fluxos futuros relacionados coa provisión.

As obrigas individuais se valoran polo desenlace individual que resulta máis probable. Se a obriga implica unha cantidade importante de partidas homoxéneas, esta se valora ponderando os desenlaces posibles polas súas probabilidades. Se existe un rango continuo de desenlaces posibles e cada punto do rango ten a mesma probabilidade que o resto, a obriga se valora polo importe medio.

O efecto financeiro das provisións se recoñece como gastos financeiros na conta de perdas e ganancias.

As provisións non inclúen o efecto fiscal, nin as ganancias esperadas pola enaxenación ou abandono de activos.

As provisións se reverten contra resultados cando, o peche do exercicio, non e probable que exista unha saída de recursos para cancelar tal obriga.

(9) INGRESOS E GASTOS

Os ingresos e gastos impútanse en función do criterio de devengo, é dicir, cando se produce a corrente real de bens e servicios cos mesmos representan, con independencia do momento en que se produzca a corrente monetaria ou financeira derivada deles. Ditos ingresos valóranse polo valor razoable da contraprestación recibida, deducidos descontos e impostos.

DE ASÍS A COMPOSTELA 1214 - 2014 SELO 800

O recoñecemento dos ingresos por ventas prodúcese no momento en que se transfiren ó comprador os riscos e beneficios significativos inherentes á propiedade do ben vendido, non mantendo a xestión corrente sobre o ben, nin retendo o control efectivo sobre o mesmo.

En canto ós ingresos por prestación de servizos, se recoñecen considerando o grado de realización da prestación á data do balance de situación, sempre e cando o resultado da transacción poida ser estimado con fiabilidade.

Os xuros recibidos de activos financeiros recoñécense utilizando o método do xuro efectivo. En calquera caso, os xuros de activos financeiros devengados con posterioridade ó momento de adquisición se recoñecen como ingresos na conta de perdas e ganancias.

Os ingresos pola venda de bens ou servicios se recoñecen polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir derivada dos mesmos. Os descontos por pronto pagamento, por volume ou outro tipo de descontos, así como os xuros incorporados ao nominal dos créditos, se rexistran como unha minoración dos mesmos.

Os descontos concedidos os clientes se recoñecen no momento en que é probable que se vaian a cumprir as condicións que determinan a súa concesión como unha reducción dos ingresos por vendas.

Os anticipos a conta de vendas futuras figuran valorados polo valor recibido.

No caso de prestacións de servizos das que o resultado final non pode ser estimado con fiabilidade, os ingresos só se recoñecen ata o límite dos gastos recoñecidos que sexan recuperables.

A Sociedade evalúa periodicamente se algún contrato de prestación de servizos ten carácter oneroso e recoñece, no seu caso, as provisións necesarias de acordo cos criterios establecidos no apartado "(8) Provisións".

Certos gastos, que dende a perspectiva pública teñen consideración de investimentos por corresponderse con gastos de promoción que extenden a súa eficacia máis aló do peche do exercicio, e que son financiados polo tanto con subvencións de capital, son rexistrados pola Sociedade dentro da conta de perdas e ganancias por natureza, conforme os principios

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214-2014

establecidos no Plano Xeral de Contabilidade, imputando, de xeito correlativo, integramente no exercicio no que se incorre nos mesmos o ingreso a distribuír que o financia. Non existen aplicacións desta natureza no exercicio 2014.

(10) IMPOSTO SOBRE BENEFICIOS

O gasto ou ingreso polo imposto sobre beneficios comprende a parte relativa ó gasto ou ingreso polo imposto corrente e a parte correspondente ó gasto ou ingreso polo imposto diferido.

O imposto corrente é a cantidades que a Sociedade satisface como consecuencia das liquidación fiscais do imposto sobre o beneficio relativas a un exercicio. As deduccións e outras avantaxes fiscais na cuota do imposto, excluidas as retención e os pagos a conta, así como as perdas fiscais compensables de exercicios anteriores e aplicadas efectivamente neste, dan lugar a un menor importe do imposto corrente.
O gasto ou ingreso por imposto diferido corresponde ó recoñecemento e a cancelación dos activos e pasivos por imposto diferido. Estes inclúen as diferenzas temporarias, que se identifican como aqueles importes que se prevén pagadeiros ou recuperables derivados das diferenzas entre os importes en libros dos activos e pasivos e o seu valor fiscal, así como as bases impoñibles negativas pendentes de compensar e os créditos por deduccións fiscais non aplicadas fiscalmente. Estes importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria o crédito que corresponda ó tipo de gravamen ó que se esperar recuperalos ou liquidalos.

Recoñécense pasivos por impostos diferidos para toda as diferenzas temporarias impoñibles agás aquelas derivadas do recoñecemento inicial do fondos de comercio o de outros activos e pasivos nunha operación que non afecta ni ó resultado fiscal nin ó resultado contable e non é una combinación de negocios, así como as asociadas a investimentos en empresas dependentes, asociadas e negocios conxuntos nas que a Sociedade pode controlar o momento da reversión e é probable que non revirtan nun futuro previsible.

Pola súa parte, os activos por impostos diferidos só se recoñecen na medida en que se considere probable que a Sociedade vaia dispoñer de ganancias fiscais futuras contra as que poder facelos efectivos.

Os activos e pasivos por impostos diferidos, orixinados polas operacións

DE ASÍS A COMPOSTELA 2014-2014 800

con cargos ou abonos directos en contas de patrimonio, contabilízanse tamén con contrapartida no patrimonio neto.

En cada peche contable reconsidéranse os activos por impostos diferidos rexistrados, efectuándose as oportunas correccións ós mesmos, na medida en que existan dudas sobre a súa recuperación futura. Asi mesmo, en cada peche evalúanse os activos por impostos diferidos non rexistrados no balance de situación e son obxeto de recoñécemento na medida en que pase a ser probable a súa recuperación con beneficios fiscais futuros.

(11) INDEMNIZACIÓN POR DESPEDIMENTO

De acordo coa lexislación laboral vixente, a Sociedade está obrigada ó pago de indemnizacións a aqueles empregados cos que, baixo certas condicións, rescinda a súa relación laboral. As indemnizacións por despedimento susceptibles de cuantificación razoable se rexistran como gasto no exercicio no que os Administradores deciden efectualos e se crea una expectativa válida fronte a terceiros sobre o despido.

(12)CLASIFICACIÓN DE ACTIVOS E PASIVOS COMO CORRENTES

No balance de situación se clasifican como correntes aqueles activos e pasivos que se esperan recuperar, consumir o liquidar nun prazo igual o inferior a doce meses, contado a partir da data do balance de situación. No caso de que un pasivo non teña, antes do peche do exercicio, un dereito incondicional para a Sociedade de diferir a súa liquidación polo menos doce meses a contar desde a data do balance de situación, este pasivo clasifícase como corrente.

(13) OPERACIÓNS ENTRE EMPRESAS DO GRUPO

A Sociedade realiza as súas operacións con empresas do seu Grupo e vinculadas a valores de mercado. Os prezos de transferencia encóntranse axeitadamente soportados polo que os Administradores da Sociedade consideran que non existen riscos significativos por este aspecto dos que poidan derivarse pasivos de consideración no futuro.

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 · 2014

XACOBEO galicia

(14) ACTIVIDADES DE CARÁCTER MEDIOAMBENTAL

A actividade da Sociedade, dada a súa natureza, non ten un impacto medioambental significativo.

V-INMOBILIZADO INTANXIBLE

O detalle e os movementos nos exercicios 2014 e 2013 das partidas nas que se subdivide esta rúbrica do balance son:

	Miles de euros			
	2014		2013	
	MARCAS E PROPIEDADE INTELECTUAL	APLICACIONS INFORMATICAS	MARCAS E PROPIEDADE INTELECTUAL	APLICACIONS INFORMATICAS
Custo inicial	6.682,05	1.459,03	6.727,29	1.330,50
Adicións	-	-	77,41	5,88
Retiros/traspasos	-	-	- 122,65	122,65
Custo final	**6.682,05**	**1.459,03**	**6.682,05**	**1.459,03**
Amortización acumulada inicial	- 6.261,12	- 1.443,66	- 6.102,37	- 1.243,27
Dotacións do exercicio	- 169,48	- 9,57	- 158,75	- 200,39
Amortización acumulada final	**- 6.430,60**	**- 1.453,23**	**- 6.261,12**	**- 1.443,66**
Valor neto contable	**251,45**	**5,80**	**420,93**	**15,37**

Dentro desta rúbrica do balance de situación ó 31 de decembro de 2014 existen elementos completamente amortizados por importe de 7.667 ml. de euros (7.202 ml. de euros ó 31 de decembro de 2013). Practicamente, a totalidade destes elementos son marcas relacionadas co Ano Santo 1993-99-04-10 e dereitos de propiedade intelectual por importe de 6.338 ml. de euros (5.924 ml. de euros ó 31 de decembro de 2013) e elementos de software con un custo de 1.329 ml. de euros (1.278 ml. de euros ó 31 de decembro de 2013).

As adicións dentro desta rúbrica no exercicio 2013 correspóndense con gastos de protección e adquisición das marcas, de programas informáticos e con investimentos en dereitos de autor de producciónS

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214-2014

audiovisuais e literarias. Non se teñen producido adicións no exercicio 2014.

As adicións de inmobilizado intanxible dos exercicios 2013 financiáronse na súa totalidade con subvencións de capital.

1-. PROPIEDADE INDUSTRIAL

Na data de elaboración das presentes contas anuais, a situación dos distintos dereitos que se integran baixo a rúbrica correspondente do balance de situación, de acordo cos asesores da Sociedade na materia, é como segue:

-As marcas solicitadas pola Sociedade se corresponden ás mascotas, estáticas e dinámicas, gráficas e mixtas; e mais aos anagramas e logotipos, gráficos e mixtos, "Rede de Albergues do Camiño de Santiago", "Monte do Gozo", "Auditorio Monte do Gozo", "Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla", "Camiño de Fisterra-Muxía", "Camiño de Fonsagrada", "Camiño Inglés", "Camiño Francés", "Camiño do Norte", "Vía da Prata", "Ruta da Prata. Camiño de Santiago", "Camiño Portugués", Xacobeo 2004, Xacobeo 2010 e Xacobeo 2021 e Galicia Camiños da Concordia. Deixouse caducar e "Rede de Albergues do Camiño" pola súa similitude con outras propiedade da Sociedade.

Solicitáronse as marcas correspondentes ao logotipo circular "Xacobeo 99", para 28 clases ante a Oficina Española de Patentes e Marcas, concedidas no exercicio 1999. Da mesma marca solicitouse a Marca Comunitaria para as restantes 14 clases, tamén concedidas no ano 1999.

Estas deixáronse caducar posto que a devandita imaxe xa esta protexida coas marcas do Xacobeo 2004, coincidinte co de 1999, e agora coa marca comunitaria (en 33 clases) solicitada, e xa concedida, para protexer o logotipo das catro cunchas co Xacobeo 2010.

DE ASÍS A COMPOSTELA 1214 - 2014

-Tamén é propiedade da Sociedade o modelo industrial da mascota e os debuxos industriais da mascota e do anagrama.

-Ademais, a Sociedade é titular da marca internacional, que comprende 43 países, para as mascotas, Xacobeo 93, 99 e 04 e a Rede de albergues do Camiño de Santiago. Tamén, e para outros países non incluídos no Acordo de Madrid (Gran Bretaña, Venezuela, México, Estados Unidos, Xapón etc.), realizáronse 52 solicitudes, que están concedidas na súa totalidade. Así mesmo, á Sociedade tamén se lle concedeu a marca comunitaria para 35 clases do gráfico do logotipo circular con catro cunchas de vieira e coa palabra "Xacobeo 2004".

Así mesmo a Sociedade ten protexido o deseño do logotipo do Xacobeo utilizado pola mesma entre os exercicios 2006 e 2009, mediante 33 clases da marca comunitaria da que se dispón dos correspondentes títulos dende Xaneiro de 2008. Tamén no exercicio 2008 solicitouse a marca G2O para 7 clases co gallo da Expo Zaragoza.

Igualmente a Sociedade ten protexido o logotipo "2010" e o logotipo das "Catro Cunchas de Vieira" en trinta tres clases.

No exercicio 2012 procedeuse a renovación de oito clases da "Mascota Pelegrin".

2-. PROPIEDADE INTELECTUAL

Os principais dereitos desta natureza dos que é titular a Sociedade corresponden a dereitos de explotación de publicacións e materiais audiovisuais.

VI-INMOBILIZADO MATERIAL

1-. INMOBILIZADO MATERIAL

Os movementos durante o exercicio 2014, nas distintas contas do inmobilizado material, e das súas correspondentes amortizacións

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 · 2014

acumuladas recóllense no seguinte cadro:

CUSTO	(Miles de euros) SALDO INICIAL	ADICIÓNS	TRASPASOS/ BAJAS	SALDO FINAL
TERREOS E BENS NATURAIS	8.374,65	-	- 411,11	7.963,54
CONSTRUCCIÓNS	53.122,21	-	27,50	53.149,71
INST. TÉCNICAS/FERRAMENTA	442,89	-	-	442,89
OUTRAS INSTALACIÓNS	2.492,92	-		2.492,92
MOBLAXE	6.045,29	-	-	6.045,29
EQUIPOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN	1.352,41	0,48	-	1.352,89
ELEMENTOS DE TRANSPORTE	261,19	-	-	261,19
OUTRO INMOBILIZADO	6.747,50	-	-	6.747,50
INM.MATERIAL EN CURSO	1.553,85	-	- 69,03	1.484,82
TOTAL:	**80.392,91**	**0,48**	**- 452,64**	**79.940,75**

AMORTIZACION ACUMULADA	SALDO FINAL	DOTACIÓN	TRASPASOS/ BAJAS	SALDO FINAL
CONSTRUCIÓNS	- 16.780,92	- 1.080,86	-	- 17.861,78
INST. TÉCNICAS/FERRAMENTA	- 169,70	- 4,52		- 174,22
OUTRAS INSTALACIÓNS	- 1.715,02	- 204,03	-	- 1.919,05
MOBLAXE	- 5.180,97	- 227,28	-	- 5.408,25
EQUIPOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN	- 1.339,90	- 6,27		- 1.346,17
ELEMENTOS DE TRANSPORTE	- 253,61	- 6,47	-	- 260,08
OUTRO INMOBILIZADO	- 3.790,75	- 190,88	-	- 3.981,63
TOTAL:	**-29.230,87**	**-1.720,31**	**-**	**-30.951,18**
VALOR NETO	**51.162,04**			**48.989,57**

Pola súa banda, os movementos durante o exercicio 2013 nas distintas contas do inmobilizado material, e das súas correspondentes amortizacións acumuladas, recóllense no seguinte cadro:

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 - 2014

CUSTO	(Miles de euros) SALDO INICIAL	ADICIÓNS	TRASPASOS/ BAJAS	SALDO FINAL
TERREOS E BENS NATURAIS	8.374,65	-	-	8.374,65
CONSTRUCCIÓNS	52.988,83	123,88	9,50	53.122,21
INST. TÉCNICAS/FERRAMENTA	442,89	-	-	442,89
OUTRAS INSTALACIÓNS	2.476,05	16,87		2.492,92
MOBLAXE	6.033,93	11,36	-	6.045,29
EQUIPOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN	1.351,19	1,22	-	1.352,41
ELEMENTOS DE TRANSPORTE	261,19	-	-	261,19
OUTRO INMOBILIZADO	6.530,20	217,30	-	6.747,50
INM.MATERIAL EN CURSO	1.542,15	21,20	- 9,50	1.553,85
TOTAL:	**80.001,08**	**391,83**	**-**	**80.392,91**

AMORTIZACION ACUMULADA	(Miles de euros) SALDO INICIAL	DOTACIÓN	TRASPASOS/ BAJAS	SALDO FINAL
CONSTRUCIÓNS	- 15.686,29	- 1.094,63	-	- 16.780,92
INST. TÉCNICAS/FERRAMENTA	- 164,05	- 5,65		- 169,70
OUTRAS INSTALACIÓNS	- 1.500,62	- 204,73	- 9,67	- 1.715,02
MOBLAXE	- 4.920,23	- 260,74	-	- 5.180,97
EQUIPOS PARA PROCESO DE INFORMACIÓN	- 1.326,35	- 13,55		- 1.339,90
ELEMENTOS DE TRANSPORTE	- 249,08	- 14,20	9,67	- 253,61
OUTRO INMOBILIZADO	- 3.594,75	- 196,00	-	- 3.790,75
TOTAL:	**-27.441,37**	**-1.789,50**	**-**	**-29.230,87**
VALOR NETO	**52.559,71**			**51.162,04**

As adicións nos exercicio 2013 nas partida "Construccións" e "Inmobilizado material en curso", "Outras instalacións" e "Moblaxe" corresponden a melloras e ampliacións acometidas no marco do programa de mellora e ampliación da Rede de Albergues, principal actividade da Sociedade. No exercicio 2014 entrou en funcionamento o Albergue Carral.

A única adición no exercicio 2014 na partida "equipos proceso de información" correspóndense con un terminal telefónico foi financiado polo sistema de "puntos" da compañía telefonica. As adicións de inmobilizado material dos exercicios 2013 financiáronse na súa totalidade con subvencións de capital na forma especificada na nota XIII desta memoria.

A baixa producida no exercicio 2014 correspondese coa expropiación de 1980 dos 2.381 metros cadrados que tiña unha finca propiedade da Sociedade no concello de Sarria denominada o "Muiño do Toleiro". A adquisición da devandita finca tiñase financiada cos fondos propios e non se tiña amortizada cantidade algunha por tratarse de terreo e construcción en curso, dando lugar a unha perda por dita baixa de 375 miles de euros. A Sociedade ten recurrido o xustiprezo aboado polo ente expropiante.

A partida de construccións subdivídese da seguinte maneira (en ml. de euros):

	31.12.13	31.12.14
MONTE DO GOZO	25.771,42	25.771.42
PAVILLÓN DE GALICIA	2.679,11	2.679,11
REDE DE ALBERGUES E OUTROS	24.671,68	24.699.18
TOTAL	53.122,21	53.149,71

A Sociedade concedeulle, por un prazo de 25 anos prorrogábeis (contados dende 1993), o dereito á explotación dunha parte do Complexo do Monte do Gozo a un terceiro por un importe de 120,20 ml. de euros anuais, segundo contrato de data 2 de febreiro de 1993. O prezo da concesión revísase anualmente en función do Índice de prezos ao consumo, por iso o importe facturado por este concepto no exercicio 2014 foi de 218,15 ml. de euros (217,50 ml. de euros en 2013), importes que figuran rexistrados no epígrafe "Outros ingresos de explotación" da conta de perdas e ganancias. Dado que o aluguer ou dereito de explotación non é pola totalidade do Complexo, que éste varía según os anos e que a actividade desenrolada e similar á da Sociedade e unha forma indirecta do cumprimento do obxecto social da mesma, a Sociedade clasifica este inmobilizado como material e non como investimento inmobiliario.

Como información adicional destacaremos que, ó 31 de decembro de 2014 e 2013:

-A Sociedade non é titular de activos fóra do territorio estatal, agás os dereitos de propiedade industrial.

-Ningún ben da Sociedade está suxeito a embargo ou litixio sobre a

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214-2014

propiedade, agás o sinalado na presente memoria.

-Ó 31 de decembro de 2014 a Sociedade non tiña compromisos de investimento.

-O conxunto de inmobilizado está suficientemente cuberto por pólizas de seguro, ben subscritas pola propia empresa, ben polos seus provedores e clientes, cando os activos se atopan en curso ou depositados a disposición da Sociedade. Os Administradores consideran que non existen por tanto déficits significativos de cobertura.

-A meirande parte do inmobilizado material está financiado por subvencións, na maneira exposta na nota XIII da presente memoria.

-Os terreos e edificios dos que a Sociedade é titular están inscritos ao seu nome nos correspondentes Rexistros da Propiedade, agás o do Monte do Gozo, para o que o Concello de Santiago, en virtude de convenio asinado con ocasión do último pagamento, esta realizando as xestións oportunas e os terreos onde se sitúa o Pavillón de Galicia, que foron cedidos polo Concello de Santiago para á instalación do que fora o Pavillón de Galicia na Expo 92, hoxe sede social da Compañía.

-Non se ten previsto, nin esta en curso, proceso ningún de revalorización de activos.

-Ó 31 de decembro de 2013, os elementos do inmobilizado material que se encontraban totalmente amortizados tiñan un custo total de 9.975,72 ml. de euros e correspondían con contruccións cedidas (713,91 ml de euros) equipos informáticos (1.339,31 ml. de euros), instalacións e ferramentas (822,89 ml. de euros), moblaxe (3.731,54 ml. de euros), elementos de transporte (203,12 ml. de euros) e outro inmobilizado material (3.164,95 miles de euros). Pola súa banda, ó 31 de decembro de 2014, os elementos do inmobilizado material que se encontraban totalmente amortizados tiñan un custo total de 10.420,14 ml. de euros e correspondían con contruccións cedidas (713,91 ml de euros) equipos informáticos (1.371,83 ml. de euros), instalacións e ferramentas (883,75 ml. de euros), moblaxe (4.009,48 ml. de euros), elementos de transporte (264,18 ml. de euros) e outro inmobilizado material (3.176,99 miles de

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 - 2014

euros).

VII.- ARRENDAMENTOS OPERATIVOS - ARRENDATARIO

O importe total das cotas de arrendamentos operativos (almacéns) recoñecidas como gastos do exercicio 2013 ascenden a 42,20 ml. de euros. Todos os contratos de aluguer eran renovables ano a ano, agás un renting dunha fotocopiadora e non se renovaron. No ano 2014 o gasto por este renting ascendeu a 0,62 Ml. de euros, sen que existan compromisos por este concepto o peche do exercicio 2014.

VIII.- DEBEDORES COMERCIAIS E OUTRAS CONTAS A COBRAR

O detalle de debedores comerciais e outras contas a cobrar ó 31 de decembro de 2013 e 2014 e como segue:

2013	Activo Corrente (Ml euros)
Vinculadas	
Clientes-AGADIC	74,16
No vinculadas	
Clientes	1.989,08
Outros debedores	19,04
Outros créditos coas Administracións Públicas	5.039,41
Deterioros	-788,57
Total	6.333,47

2014	Activo Corrente (Ml euros)
Vinculadas	
Clientes-AGADIC	74,16
No vinculadas	
Clientes	2.373,71
Outros debedores	43,45

Outros créditos coas Administracións Públicas	*707,76*
Deterioros	*-1.084,84*
Total	*2.114,24*

A Sociedade ten reducido o prazo para considerar un crédito como de dubidoso cobro e, correlativamente, proceder a súa cobertura mediante a dotación da oportuna provisión por insolvencias, de 1 ano a 9 meses. A análise do movemento das contas de deterioro orixinadas polo risco de crédito de activos financeiros valorados a custo amortizado é como segue:

2014	*Deterioro (Miles de euros)*
Saldo o 1 de xaneiro de 2013	*788,57*
Dotacións	*296,27*
Saldo o 31 de decembro de 2013	*1.084,84*

No exercicio 2013 o detalle desta partida foi como segue:

2013	*Deterioro (Miles de euros)*
Saldo o 1 de xaneiro de 2013	*769,89*
Dotacións (Concello Santiago de Compostela)	*19,04*
Reversións	*0,36*
Saldo o 31 de decembro de 2013	*788,57*

O importe mais significativo do saldo do deterioro se corresponde coa cobertura do eventual non pago polo Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela da factura emitida en base o convenio de data catro de maio de 2011 no que a devandita entidade comprometía un patrocinio para diversas actividades da Sociedade e que, á data da formulación das presentes contas anuais, encontrase en discusión.

IX.- INVESTIMENTOS FINANCEIROS A CURTO E LONGO PRAZO

O saldo do epígrafe de investimentos financeiros a curto prazo do balance de situación ó 31 de decembro de 2014 e 2013 se corresponde cos depósitos normais do tráfico ordinario da Sociedade e aos xuros bancarios producidos e pendentes de se aboaren nas contas da Sociedade.

Pola súa parte o saldo do epígrafe de outros activos financeiros a longo prazo corresponde na súa totalidade ós importes consignados nos xulgados por mor das demandas pendentes (ver nota XIV).

X.- PERIODIZACIÓNS ACTIVAS A CURTO PRAZO

O detalle do epígrafe correspondente do balance de situación que se xunta se corresponde con pagos no exercicio 2014 por servizos ordinarios de funcionamento (seguros, consumos, etc.) da Sociedade correspondentes ao exercicio 2015, por importe de 26,71 Ml de euros (30,50Ml euros o remate do exercicio 2013).

XI.-EFECTIVO E OUTROS ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES

O saldo do epígrafe efectivo e outros activos líquidos equivalentes se corresponde cos saldos a vista (tesourería) mantidos pola Sociedade o 31 de decembro de 2014 e 2013.

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 - 2014

XII- FONDOS PROPIOS

1-. CAPITAL

O capital escriturado ó 31 de decembro de 2014 e 2013 está composto por cen accións nominativas de 6.010,12 euros cada unha, totalmente subscritas e desembolsadas en orixe pola Xunta de Galicia, que é, polo tanto, o único Accionista, sen que se lle notificara á Sociedade ningunha transmisión das referidas accións. A Sociedade ten, polo tanto, carácter unipersoal.

Como información adicional salientar que, ó 31 de decembro de 2014 e 2013:

-As accións da Sociedade non están admitidas a cotización.

-Non se realizaron negocios sobre as accións propias.

-Todas as accións son da mesma clase e serie.

2-. RESERVAS

De acordo coa Lei de Sociedades de Capital, debe destinarse unha cifra equivalente ao 10% do beneficio do exercicio á reserva legal até que esta chegue, cando menos, ao 20% do capital social. A reserva legal poderase utilizar para engadir ao capital na parte do seu saldo que exceda do 10% do capital xa aumentado. Agás para esta finalidade, e mentres non supere o 20% do capital social, esta reserva só poderá destinarse á compensación de perdas, sempre que non existan outras reservas dispoñibles para este fin e de ser utilizada para este fin, debera repoñerse con beneficios futuros. A 31 de decembro de 2014 e 2013 a Sociedade xa tiña cuberta a devandita reserva.

Non existen restricións, distintas das legalmente establecidas, para o reparto de beneficios. As reservas voluntarias son polo tanto, de libre disposición. O Accionista Único en Xunta Xeral do 20 de Xuño de 2014, aprobou a distribucion de un dividendo por importe de 49.41 miles de

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214-2014

euros con cargo o resultado de 2013.

O movemento das contas contables que compoñen os fondos propios durante o exercicio 2013 foi o seguinte (en miles de euros):

2013	CAPITAL SOCIAL	RESERVA LEGAL	RESERVAS VOLUNTARIAS	RESULTADO DO EXERCICIO
SALDO A 1 DE XANEIRO DE 2013	601,01	120,20	-1.989,45	2.588,91
DISTRIBUCIÓN DO BENEFICIO DO 2012	-	-	2.588,91	-2.588,91
RESULTADO DO EXERCICIO 2013	-	-		63,20
SALDO A 31 DE DECEMBRO DE 2013	601,01	120,20	599,46	63,20

No exercicio 2014 o detalle desta partida foi como segue (en miles de euros):

(Miles de euros)

2014	CAPITAL SOCIAL	RESERVA LEGAL	RESERVAS VOLUNTARIAS	RESULTADO DO EXERCICIO
SALDO A 1 DE XANEIRO DE 2014	601,01	120,20	599.46	63.20
DISTRIBUCIÓN DO BENEFICIO DO 2013	-		13.79	-63.20
RESULTADO DO EXERCICIO 2014	-	-		41.70
SALDO A 31 DE DECEMBRO DE 2014	601,01	120,20	613.26	41.70

XIII- SUBVENCIÓNS, DOAZÓNS E LEGADOS RECIBIDOS

O detalle do movemento durante o exercicio 2013 neste capítulo do balance é o seguinte:

	Miles de Euros	
	Subvencións de capital	**Outros ingresos a distribuír**
Saldo o 1 de xaneiro de 2013	36.485,65	315,48
Subvencións concedidas no exercicio	1.234,40	-
Traspasos á conta de resultados	-2.822,94	-
Efecto impositivo	476,57	-
Saldo ó 31 de decembro de 2013	**35.373,68**	**315,48**

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 · 2014

No exercicio 2014, o detalle deste capítulo foi como segue:

	Miles de Euros	
	Subvencións de capital	**Outros ingresos a distribuír**
Saldo o 1 de xaneiro de 2014	35.373,68	315,48
Subvencións concedidas no exercicio	0,00	-
Traspasos á conta de resultados	-1.899,37	-
Efecto impositivo	474,76	-
Saldo ó 31 de decembro de 2014	**33.949,07**	**315,48**

Durante o exercicio 2013 a Sociedade recibiu subvencións de capital por importe 1.234,40 ml de euros que, netos do efecto impositivo supoñen o importe 864,08 ml de euros. O organismo concedente das subvencións de capital foi en todos os casos a Xunta de Galicia e se destinaron integramente a financiar as adquisicións de inmobilizado especificadas nas notas V e VI da presente Memoria, así como diversos investimentos inmateriais de promoción segundo se indica na Nota IV.9. No exercicio 2014 no se ten recibidas subvencións de capital.

Estímase que a Sociedade cumpriu, e prevé cumprir no futuro, a totalidade das condicións xerais e particulares establecidas nas correspondentes resolucións individuais de concesión de todas as subvencións de capital que se lle concederon.

As subvencións de capital impútanse a resultados en proporción á depreciación que experimentan os activos que financian.

Dentro desta rúbrica tamén se inclúe a contrapartida dos valores venais das concesións adquiridas a título gratuíto ó valor de taxación dos materiais non amortizábeis (obras de arte) que adquiriu a Sociedade conxuntamente co Pavillón de Galicia ao rematar a EXPO 92 de Sevilla e, por último, os ingresos a distribuír pola adscrición de bens.

Por último, subliñar que a Sociedade recibiu da Axencia de Turismo de Galicia, dependente da Xunta de Galicia, a cantidade de 2.638,76 ml de euros (7.581,13 ml. de euros no exercicio 2013) en concepto de subvencións á explotación. O devandito importe imputouse integramente a Conta de Perdas e Ganancias.

XIV-PROVISIÓNS

O detalle do movemento durante o exercicio 2013 neste capítulo do balance é o seguinte:

	Miles de Euros	
	Provisións A longo prazo	**Provisións a curto prazo**
Saldo o 1 de xaneiro de 2013	1.455,58	131,90
Dotación 2013	533,62	120,00
Aplicacións provisións	-29,01	-103,99
Cancelación provisións	00,00	-27.91
Saldo ó 31 de decembro de 2013	**1.960,19**	**120,00**

O mesmo movemento para o exercicio 2014 neste capítulo do balance é o seguinte:

	Miles de Euros	
	Provisións A longo prazo	**Provisións a curto prazo**
Saldo o 1 de xaneiro de 2014	1.960.19	120,00
Dotación 2014	110,13	0,00
Aplicacións provisións	-1.070,49	-6,83
Cancelación provisións	-421,00	0,00
Saldo ó 31 de decembro de 2014	**578,83**	**113,17**

A Sociedade asinou un convenio no que se lle encomendou a execución para a cesión ao Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, das obras de construción do Pazo de Congresos, Exposicións e Concertos, do Centro Multiusos - Pazo de Deportes e máis do Salón Teatro (todos eles en Santiago de Compostela e financiados con cargo aos orzamentos da Xunta de Galicia). En virtude dese acordo, a Sociedade contratou con terceiros a execución das devanditas obras e, unha vez rematadas, procedeu a reclamar aos construtores de ambas as dúas obras, en interese do Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela, o importe dos impostos e taxas de Construccións, Instalacións e Obras, aboados directamente polo citado Consorcio e por importe aproximado de 1,1 millóns de euros, pola vía da retención do pagamento de facturas pendentes ao construtor, no caso do Multiusos do Sar, litixio que xa rematou, e pola vía da reclamación do aval, no caso do Pazo de Congresos.

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 · 2014

En relación á obra do Pazo de Congresos, tamén existe sentenza en primeira instancia, pola que se reduce o importe reclamado polo construtor, dos 1.131,05 ml. de euros iniciais a 738,54 ml. de euros. Por iso, con cargo as contas de perdas e ganancias de exercicios anteriores dotouse unha provisión de 743,54 ml. de euros. No obstante, ó 12 de marzo de 2010, comunicouse a Sociedade unha sentencia de 2 de marzo, xa firme, do Tribunal Supremo, que estimou a reconvención plantexada pola Sociedade, por importe de 610,51 ml. de euros contra a devandita sentencia, o que ten determinado que, con abono a Conta de Perdas e Ganancias do exercicio 2010, se anulase parcialmente a devandita provisión por importe de 615,51 Ml de euros. O saldo a 31 de decembro de 2013 da devandita provisión era de 128,06 ml de euros.

Por outra banda, con data 19 de novembro de 2009 a Audiencia Provincial de A Coruña emitiu unha sentencia na que estimaba o recurso de apelación interposto por a parte demandante, sobre a sentencia en primeira instancia previa, na que se condena á Sociedade ó pago de 1.100,46 ml. de euros en concepto de xuros por retraso nos pagos das certificación da obra do Monte do Gozo. Con posterioridade ó coñecemento de dita sentencia a Sociedade presentou recurso de casación contra á mesma, sendo desestimado o mesmo no exercicio 2012. Ó 31 de decembro de 2013 a Sociedade mantiña rexistrada una provisión de riscos polo mencionado litixio por importe de 1.363,47 Ml de euros (dos que 64,93 Ml de euros se dotaron no exercicio 2013 para cubrir os xuros) , de acordo coa mellor estimación do risco a xuício dos Administradores da Sociedade e dos asesores legais da mesma, e dotada con cargo a resultados excepcionais. Á data de formulación das presentes Contas Anuais a Sociedade mais os provedores teñen xa acordado, firmado e executado o acordo de compensación dos créditos e débitos resultantes das sentenzas recaídas habendo, xa que logo, liquidado definitivamente esta situacións litixiosas, co resultado positivo extraordinario (rexistrado baixo a rúbrica "Outros Resultados" da Conta de Perdas e Ganancias correspondente o exercicio 2014 que se xunta) por importe de 421 Ml euros netos.

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 - 2014

Por outra banda, con cargo a rúbrica "Outros Resultados" da Conta de Perdas e Ganancias dos exercicios 2014, a Sociedade estimou preciso dotar provisións adicionais para cubrir as eventuais responsabilidades que puidesen xurdir por unha banda, dúas demandas interpostas polos traballadores en reclamación da paga extra deixada de aboar no exercicio 2012 e tamén en reclamación do 5% do salario deixado de aboar a partires de setembro de 2013, e por outra, as indemnizacións `por despedimento as que se condena a Sociedade a pagar a dous traballadores do Concello de Ourens, unha vez que este ultimo abandonou a xestión do Albergue da localidade e tamen unha demanda por diferenzas salariais presentada por un traballador. Para cubrir estas eventuais responsabilidades dotouse unha provision por importe de 81,67 Ml en exercicios anteriores, que se actualizou con un importe adicional de 94.65 Ml de euros con cargo a Conta de Perdas e Ganancias correspondente o exercicio 2014 que se xunta. Por outra banda, tamén con cargo os exercicios anteriores dotouse unha provisión para cubrir a reclamación por impago parcial de 61,17 Ml de euros (mais xuros) dun patrocinio dun concerto celebrado no exercicio 2009 e mais outra por importe de 316,21 Ml de euros para cubrir as eventuais responsabilidades (lucro cesante) derivadas dun recurso contencioso administrativo interposto por un licitante (que non resultou adxudicatario) nun concurso convocado pola Sociedade por non estar dacordo coa puntuación obtida. As devanditas provisións actualizaronse nos xuros estimados por importe de 15.48 Ml de euros con cargo a Conta de Perdas e Ganancias correspondente o exercicio 2014 que se xunta.

Por ultimo, se ten producido a restructuración da area turística da Xunta de Galicia, na que esta incluida a Sociedade. O proceso de reorganización e os distintos cambios que se están a implementar, postos en relación con lóxico axuste orzamentario subseguinte, poden xerar eventuais responsabilidades e gastos que aconsellan ser cubertos por unha provisión xenérica por importe de 120 Ml euros que dotouse con cargo a Conta de Perdas e Ganancias do exercicio 2013. Da mesma, aplicouse no exercicio o importe de 6,86 Ml de euros, sendo o remanente de 113,17 Ml de euros que figura rexistrado baixo a rúbrica "Provisións a curto prazo" do pasivo Corrente do Balance correspondente o exercicio 2014 que forma parte das presentes Contas Anuais.

XACOBEO galicia

XV-PASIVOS FINANCEIROS, ACREDORES COMERCIAIS E OUTRAS CONTAS A PAGAR

O saldo da partida "Outros pasivos financeiros" se corresponde na súa meirande parte coas fianzas e depósitos recibidos pola Sociedade dos seus provedores. Pola súa banda, o detalle do epígrafe de acredores comerciais e outras contas a pagar era, o peche do exercicio 2013, como segue:

	Ml Euros Corrente
Vinculadas	
Fundación Deporte Galego	200,00
No vinculadas	
Acredores por entrega de bens e prestación de servizos	6.249,27
Facenda publica acredora por IVE e retencións practicadas (Nota XVI)	85,91
Seguridade Social Acredora (Nota XVI)	57,30
Persoal	0,86
Total	**6.593,34**

No exercicio 2014, o detalle desta partida e como segue:

	Ml Euros Corrente
No vinculadas	
Acredores por entrega de bens e prestación de servizos	2.929,97
Facenda publica acredora por IVE e retencións practicadas (Nota XVI)	29.09
Seguridade Social Acredora (Nota XVI)	43.61
Total	**3.002,67**

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 · 2014

XVI-SITUACIÓN FISCAL

O detalle dos saldos coa Facenda Pública ó 31 de decembro do 2013 foi como segue:

	Ml Euros	
	Non corrente	Corrente
Activos		
Imposto sobre o valor engadido		1.025,87
Imposto de Sociedades e similares	-	96,84
Subvenciones pendentes de cobro	-	3.916.70
Activos por imposto diferido	42,00	
	42,00	5.039,41
Pasivos		
Pasivos por imposto diferido	13.799,87	-
IRPF e similares (Nota XV)	-	85,91
Organismos da Seguridade Social (Nota XV)	-	57,30
	13.799,87	143,21

No exercicio 2014, o detalle desta partida é como segue:

	Ml Euros	
	Non corrente	Corrente
Activos (Nota VIII)		
Imposto sobre o valor engadido		431,41
Imposto de Sociedades e similares	-	46,75
Subvenciones pendentes de cobro	-	229,60
Activos por imposto anticipado	31,69	
	31,69	707,76
Pasivos		
Pasivos por imposto diferido	13.325,10	-
IRPF e similares (Nota XV)	-	29,09
Organismos da Seguridade Social (Nota XV)	-	43,61
	13.325,10	72,70

Durante o exercicio 2014 se ten producido unha inspección tributaria polo concepto IVE correspondente o exercicio 2013 sen que se teñan producido diferenzas entre as declaracións presentadas pola Sociedade e o resultado da devandita inspección.

O pasivo por imposto diferido corresponde o efecto fiscal das subvencións de capital, rexistrados formando parte do patrimonio neto (NOTA XIII). O activo por imposto diferido correspondese coa diferenza temporaria pola provisión xenérica dotada para a cobertura de eventuais gastos pendentes trala reorganización administrativa (Nota XIV). Tanto o activo como o pasivo por imposto diferido, foron axustados no presente exercicio valorándose ós novos tipos aprobados do IS.

Ó 31 de decembro de 2014, a Sociedade ten abertos a inspección polas autoridades fiscais os seguintes exercicios dos principais impostos que le son aplicables:

Imposto	Exercicios abertos
Imposto sobre Sociedades	2010-2014
Imposto sobre el Valor Engadido	2014
Imposto sobre la Renda de as Persoas Físicas	2011-2014
Seguridade Social	2011-2014

Como consecuencia, entre outras, das diferentes posibles interpretacións da lexislación fiscal vixente, poderían xurdir pasivos adicionais como resultado dunha inspección.

A conciliación entre o importe neto dos ingresos e gastos do exercicio 2013 e a base impoñible prevista foi como segue:

	M Euros						
	Cuenta de pérdidas y ganancias			Ingresos y gastos imputados al patrimonio neto			
	Aumentos	Disminuciones	Neto	Aumentos	Disminuciones	Neto	Total
Resultado do exercicio antes de impostos	21,20	-	21,20	-	-	-	**21,20**
Diferencias permanentes	198,98	-	198,98	-	-	-	**198,98**
Diferencias temporarias	120,00	-	120,00	-	-	-	**120,00**
Base imponible (Resultado fiscal)			**340,18**				**340,18**

No 2014 o detalle desta partida foi como segue:

	Ml Euros						
	Cuenta de pérdidas y ganancias			Ingresos y gastos imputados al patrimonio neto			
	Aumentos	Disminuciones	Neto	Aumentos	Disminuciones	Neto	Total
Resultado do exercicio antes de impostos	52,01	-	52,01	-	-	-	**52,01**
Diferencias permanentes	1,55	-	1,55	-	-	-	**1,55**
Diferencias temporarias	- 6,83	-	- 6,83	-	-	-	**- 6,83**
Base imponible (Resultado fiscal)			**46,73**				**46,73**

Como consecuencia do das retencións e pagamentos a conta realizados ao longo do exercicio 2014 e a compensación de perdas de exercicios anteriores, estímase que na liquidación definitiva do imposto sobre sociedades de 2014, a cota a devolver ascenderá a 46,74 ml de euros (47,08 ml. de euros no exercicio 2013).

Á sociedade ten pendente de compensación bases impoñibles por importe de 1.903,71 ml de euros o peche do exercicio 2014 (procedente do exercicio 2012).

A Sociedade ten pendentes de aplicación deducións non recoñecidas en exercicios anteriores por importe de 184 ml de euros, na súa meirande parte con orixe nas deducións aplicables o Ano Santo Compostelán.

Con posterioridade ao peche do exercicio 2014, en prazo e forma, a Sociedade liquidou o importe a pagar que se inclúe no epígrafe "Administracións Públicas".

XVII- TRANSACCIÓNS CON PARTES VINCULADAS

Non se teñen realizado operación con entidades vinculadas nos exercicios 2013 e 2014.

XVIII.- INFORMACIÓN RELATIVA O CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN E ALTA DIRECCIÓN

Durante o exercicio 2014 a Sociedade rexistrou por retribucións á totalidade dos membros do Consello de Administración e persoal de Alta Dirección, por todos os conceptos a cantidade de 2,86 e 43,34 ml. de euros, respectivamente (3,68 e 43,12 ml. de euros, respectivamente ó longo de 2013).

Durante os exercicios 2014 e 2013 non se concederon anticipos ou créditos aos membros do Consello de Administración e persoal de Alta Dirección, nin se asumiron obrigas por conta dos mesmos, nin seguros de vida nin fondos de pensión ao seu favor. Tampouco se lles aboou ningunha retribución en especie.

Os administradores informaron da non existencia de ningunha situación de conflicto, directo ou indirecto, que puideran ter coa Sociedade, tal e como establece o artículo 229.3 da Lei de Sociedades de Capital.

Á data da formulación das presentes Contas Anuais o Consello de Administración está integrado por catro mulleres e máis por un home.

XIX-INGRESOS E GASTOS

(1)IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS

O detalle do importe neto da cifra de negocios do exercicio 2013 por categorías de actividades foi como segue:

	Ml. de Euros
Vendas Publicacións	2,16
Ingresos derivados da prop industrial	15,00
Ingresos Venda Bonoalbergues	1.884,80
	1.901,96

No exercicio 2014, o detalle desta partida por categorías de actividades é como segue:

	Ml. de Euros
Vendas Publicacións	1,24
Ingresos Venda Bonoalbergues	1.849,09
	1.850,33

(2) OUTROS INGRESOS DE EXPLOTACIÓN

O detalle dos Outros ingresos de explotación do exercicio 2013 foi como segue:

	Ml Euros
Ingresos por alugueres	217,50
Ingresos por servizos diversos	7,03
Subvencións de explotación incorporadas o resultado do exercicio	7.613,37
	7.837,90

No exercicio 2014 o detalle desta partida é como segue:

	Ml Euros
Ingresos por alugueres	218,15
Ingresos por servizos diversos	7,56
Subvencións de explotación incorporadas o resultado do exercicio	2.638,76
	2.864,47

(3) GASTOS E INFORMACIÓN SOBRE O PERSOAL

O detalle dos gastos de persoal correspondente ó exercicio 2013 foi o seguinte:

	Ml Euros
Soldos e salarios	1.601,78
Seguridade Social a cargo da empresa	473,41
Provisions (Nota XIV)	81,67
	2.156,86

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 aniversario 1214 · 2014

XACOBEO galicia

No exercicio 2014, o detalle deste epígrafe é como segue:

	Ml Euros
Soldos e salarios	498,66
Seguridade Social a cargo da empresa	149,39
Provisions (Nota XIV)	94,65
	742,70

O número medio de persoas empregadas durante o exercicio 2013, distribuído por categorías profesionais e sexo foi o seguinte:

Categoría profesional	HOMES	MULLERES	TOTAL
TIT. GRAO SUPERIOR E MEDIO	10,92	14,00	24,92
ADMINISTRATIVOS	6,00	15,00	21,00
SUBALTERNOS E OUTROS	11,00	-	11,00
TOTAL	27,92	29,00	56,92

O peche do exercicio 2013 a distribución era:

Categoría Profesional	HOMES	MULLERES	TOTAL
TITULADOS SUP E MEDIO	5,00	2,00	7,00
PERSOAL ADMINISTRATIVO	5,00	3,00	8,00
SUBALTERNOS E OUTROS	0,00	0,00	0,00
TOTAL	10,00	5,00	15,00

O número medio de persoas empregadas durante o exercicio 2014, distribuído por categorías profesionais e sexo foi o seguinte:

Categoría profesional	HOMES	MULLERES	TOTAL
TIT. GRAO SUPERIOR E MEDIO	5,93	2,00	7,93
ADMINISTR7ATIVOS	5,00	3.00	8,00
SUBALTERNOS E OUTROS			
TOTAL	10,93	5,00	15,93

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 · 2014

O peche do exercicio 2014 a distribución era:

Categoría Profesional	HOMES	MULLERES	TOTAL
TITULADOS SUP E MEDIO	6,00	2,00	8,00
PERSOAL ADMINISTRATIVO	5,00	3,00	8,00
SUBALTERNOS E OUTROS			
TOTAL	11,00	5,00	16,00

(4) OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN

Dentro dos servizos exteriores correspondentes ó exercicio 2013 inclúese, ademais dos gastos de funcionamento ordinarios da Sociedade, o gasto realizado na maioría dos programas da Sociedade vinculados ao Camiño e o Xacobeo, que supuxeron a aplicación de 1.157 Ml de euros a obras en elementos vinculados aos Camiños de Santiago; 47 Ml de euros ao patrocinio e organización de congresos e simposios; 291 Ml de euros para asistencia a feiras, 190 Ml de euros na difusión directa do Xacobeo nos medios, no deporte o ben medios audiovisuais; 396 Ml de euros o patrocinio y/ou edición de material de promoción e publicacións, escritas e audiovisuais; 498 Ml de euros á organización de exposicións e mostras diversas; 113 Ml euros á organización e patrocinio de espectáculos e a dinamización cultural da máis variada índole e 928 Ml de euros á difusión, estatal e sobre todo no eido internacional, do Xacobeo polas máis diversas vías, destacando nesta partida os actos do 800 aniversario da peregrinación de San Francisco a Santiago de Compostela.

No exercicio 2014 e como consecuencia da xa comentada restructuración da Area de Turismo da Xunta de Galicia, nesta partida xa unicamente se recollen os gastos de funcionamento ordinarios da sociedade.

O custo dos servizos de auditoría de contas da Sociedade correspondentes ao exercicio 2014 ascende a 8,2 ml. de euros (9 ml de euros no exercicio 2013). Ambos importes figuran rexistrados no saldo da conta "Servizos de profesionais independentes" dentro do epígrafe "Servizos exteriores" da conta de perdas e ganancias a 31 de decembro de 2014 que se achega.

A partida de outros resultados se corresponde na súa meirande parte, co a

cancelación das provisións e facturas pendentes de pago vencelladas a firmeza das sentenzas xuicios polo Monte do Gozo e o Pazo de Congresos, que determinou un ingreso extraordinario de 421 Ml de euros e 114 Ml de euros respectivamente. Adicionalmente se recollen tambien nesta partida os importes dotados para a actualización por xuros das provisións existentes pola eventual responsabilidade por lucro cesante dun licitante nun concurso e a reclamacion dun acreedor por un patrocinio do exercicio 2009 (por importe de 15,48 ml de euros). Tamén figuran nesta rubrica da Conta de Perdas e Ganancias os importes deixados de aboar a distintos acredores por servizos prestados en exercicios anteriores como consecuencia de renegociacións cos mesmos e outras regularizacións, etc.

XX-ACONTECEMENTOS POSTERIORES O PECHE DO EXERCICIO. APRAZAMENTO DE PAGO A PROVEEDORES E ACREDORES POR PRESTACIÓN DE SERVICIOS

De acordo co establecido na Lei 15/2010, de 5 de Xullo pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade e a resolución de 29 de decembro de 2010 o ICAC, inclúese a información relativa os pagos a provedores e acredores no seguinte cadro:

	Exercicio 2014		Exercicio 2013	
	Importe	%	Importe	%
Dentro do prazo máximo legal	3.454,56	45,68%	4.192,03	22,13%
Resto	4.108,47	54,32%	3.931,12	77,87%
TOTAL PAGOS DO EXERCICIO	4.563,03		8.123,15	100,00%
PMEP (días) de pagos	331,33		248,15	
Aprazamentos que á data de cierre sobrepasan o prazo máximo legal	1.726,21		4.067,46	

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 · 2014

XACOBEO galicia

INFORME DE XESTIÓN

DE ASÍS A COMPOSTELA · 1214 · 2014

EXERCICIO 2014

XACOBEO galicia

I-ACTIVIDADE DA SOCIEDADE

A actividade da Sociedade no exercicio 2014 centrouse na prestación dos servizos básicos para o mantemento do que é o principal produto turístico de Galicia

O éxito do sementado na acción da Sociedade o amosan as cifras de pernotas nos Albergues da Rede Publica no exercicio 2014 (336 Ml), que continúa a marcar tendencia sobre o impacto positivo da actividade da Sociedade e a súa rendibilidade, non xa para se mesma, senón para todos os concellos polos que discorren os Camiños, ata o punto de que hai concellos nos que a principal actividade económica é o propio Camiño. A proliferación de albergues e todo tipo de aloxamentos e empresas de restauración o longo dos Camiños pon en valor a actividade da Sociedade como impulsora do sector turístico e da actividade económica. Temos localidades nas que o que era un Albergue xestionado por esta sociedade, tense convertido en mais de unha ducia de albergues privados con que isto supón nas economías de pequenas vilas como a meirande parte daquelas polas que pasan os Camiños.

Polo demais, a actividade da Sociedade estivo marcada, como non podía ser doutro modo, pola importante limitación de recursos, lóxica tendo en conta a contorna económica. Por isto, os obxectivos da sociedade centráronse, no fortalecemento da súa posición financeira para encarar esta nova época que nos ten que levar o Ano Santo 2021 e, tamén, naquela parte máis perdurable no tempo da súa actividade, como a coordinación da conservación e mellora dos Camiños físico e da Rede de Albergues, na que se incorporou o de Carral.

DE ASÍS A COMPOSTELA 1214 · 2014 800 ANIVERSARIO

XACOBEO galicia

Na data de formulación das Contas Anuais correspondentes ao exercicio 2014, a Sociedade xa conta coa aprobación do orzamento para o exercicio 2015, co que a propia viabilidade da compañía está asegurada, se ben adaptado o reducido obxecto social resultante do proceso de reorganización do entramado institucional da Xunta de Galicia. Deste xeito, no exercicio 2014 a actividade da Sociedade, dacordo co reducido obxecto social, centrarase en:

1.- A realización de actividades dirixidas a xestión dos servizos comúns da rede de albergues da Comunidade Autónoma de Galicia e do resto do seu patrimonio social, así como a coordinación de actuacións específicas relacionadas co Camiño de Santiago e a cultura xacobea.

2.- En concreto, constitúe o obxecto da Sociedade a realización das seguintes actividades:

A xestión dos ingresos e gastos derivados do funcionamento da rede pública de albergues e do resto de edificios da entidade.

A coordinación das actuacións en materia de dotacións de albergues, de conservación, sinalización e recuperación do Camiño, así como a execución das encomendas de xestión que se poidan realizar nestas materias.

As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago.

A coordinación de actuacións específicas relacionadas coa cultura xacobea, en especial, as exposicións, así como a execución das encomendas de xestión que se poidan realizar nestas materias".

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 1214 - 2014

XACOBEO galicia

II-ACCIÓNS PROPIAS E INSTRUMENTOS FINANCEIROS

A Sociedade non posúe nin realizou con accións propias negocio ningún durante o devandito exercicio.

Por outra banda, a ausencia de débeda no pasivo ou de activos financeiros non comerciais no activo, determina que non existan incertezas relacionadas co risco financeiro, e non se prevén dificultades de tesourería significativas na medida na que a Sociedade se axuste aos orzamentos aprobados pola Comunidade Autónoma. As variacións de pasivos financeiros non previstas nos orzamentos da compañía para o exercicio 2015, de acordo coa vixente lexislación, deberán, no seu caso, ser previamente autorizadas pola Consellería de Economía e Facenda, ou o Consello da Xunta.

Durante o exercicio 2014 a Sociedade non realizou operación ningunha con instrumentos derivados financeiros.

III.- ACTIVIDADES DE INVESTIGACIÓN E DESENVOLVEMENTO

A Sociedade non desenvolveu no exercicio 2014 actividades no campo da investigación e desenvolvemento.

DE ASÍS A COMPOSTELA 800 ANIVERSARIO 1214 - 2014

IV.- ACTIVIDADES MEDIOAMBIENTAIS

Dada a actividade á que se dedica a Sociedade, non ten responsabilidades, gastos, activos nin provisións e continxencias de natureza medioambiental que puideran ser significativas, en relación co patrimonio, a situación financeira e os seus resultados. Por iso, na presente memoria no se inclúen análises específicas das contas anuais respecto á información de cuestións ambientais.

S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO, SOCIEDADE UNIPERSOAL

Informe de auditoría independente de contas anuais

INFORME DE AUDITORÍA INDEPENDENTE DE CONTAS ANUAIS

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, (Accionista Único da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Sociedade Unipersoal)

Informe sobre as contas anuais

Auditamos as contas anuais adxuntas da sociedade S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Sociedade Unipersoal, que comprenden o balance o 31 de decembro de 2014, a conta de perdas e ganancias, o estado de cambios no patrimonio neto, o estado de fluxos de efectivo e a memoria correspondentes ao exercicio rematado na devandita data.

Responsabilidade dos Administradores en relación coas contas anuais

Os Administradores son responsables de formular as contas anuais adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados de S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Sociedade Unipersoal, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable a entidade en España, que se identifica na nota II.1 da memoria adxunta, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Responsabilidade do auditor

A nosa responsabilidade e expresar unha opinión sobre as contas anuais adxuntas baseada na nosa auditoría. Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da auditoría de contas vixente en España. A devandita normativa esixe que cumpramos os requirimentos de ética, así como que planifiquemos e executemos a auditoría co fin de obter unha seguridade razoable de que as contas anuais están libres de incorrecciónns materiais.

Unha auditoría require a aplicación de procedementos para obter evidencia de auditoría sobre os importes e a información revelada nas contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuizo do auditor, incluida a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro. Ao efectuar as devanditas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a formulación por parte da entidade das contas anuais, co fin de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade. Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación das políticas contables aplicadas e da razonabilidade das estimacións contables realizadas pola dirección, así como a avaliación da presentación das contas anuais tomadas no seu conxunto.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e axeitada para a nosa opinión de auditoría.

A3M Auditores & Consultores del Noroeste, S.L.
CIF B70419510
ROAC Nº S-2300

Opinión

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da sociedade S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Sociedade Unipersoal, a 31 de decembro de 2014, así como dos seus resultados e fluxos de efectivo correspondentes ao exercicio anual rematado na devandita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos neste.

Informe sobre outros requirimentos legais e regulamentarios

O informe de xestión adxunto do exercicio 2014 contén as explicacións que os Administradores consideran oportunas sobre a situación da Sociedade, a evolución dos seus negocios e sobre outros asuntos e non forma parte integrante das contas anuais. Verificamos que a información contable que contén o citado informe de xestión concorda coa das contas anuais do exercicio 2014. O noso traballo como auditores limítase á verificación do informe de xestión co alcance mencionado neste mesmo parágrafo e non inclúe a revisión de información distinta da obtida a partir dos rexistros contables da Sociedade.

A3M Auditores & Consultores del Noroeste, S.L.
Inscrita no R.O.A.C. Nº S2300

A3M Auditores
&
Consultores del Noroeste, S.L.
CIF B70419510
ROAC Nº S-2300

M. Beatriz Eiroa Álvarez
1 de abril de 2015